

## Anexo 6.- Ano meteorológico

O 2013 foi un ano singular, meteoroloxicamente falando. A primeiros de marzo, as altas temperaturas propiciaron o desborre de moitas plantas de folla caduca, este corto período veu acompañado de outro máis frío e chuvioso que ralentizou o crecemento dos novos brotes e na viña a floración chegou con un par de semanas de atraso respecto á media dos últimos anos.

Cando chegaron as altas temperaturas tamén o fixo a seca, con un verán con precipitacións moi por debaixo da media, as plantas sobre solos máis delgados sufriron de un importante déficit hídrico que unido ao baixo desenvolvemento vexetativo previo desembocou nunha falta importante de vigor e de madeira de renovación para o ano seguinte.

As altas temperaturas do período estival conseguiron que esas dúas semanas de retraso se foran reducindo, pero a maduración non depende unicamente das altas temperaturas e da insolación.

As baixas precipitacións e a súa distribución no tempo induciron ás plantas a un estrés hídrico que repercutiu directamente nunha menor taxa fotosintética e polo tanto, unha menor acumulación de azucres e unha maduración máis lenta. A data da madurez foi con un retraso de aproximadamente entre unha semana e 10 días, para Agudelo este retraso e as chuvias desde primeiros de outubro, e polo tanto risco de botrite, supoñen non chegar a o estado óptimo de madurez.

Tendo en conta os datos recollidos por Carballeira et al (1983), a precipitación media para o período estival en Betanzos é de 201 mm., é dicir, este ano choveu un 88% menos para o mesmo período no que na estación de Guísamo unicamente recolleu 23,9 mm.

En este anexo amósanse os datos de temperatura e precipitación dos 8 meses que son representativos para o ciclo da vide (marzo a outubro). Os datos obtivéronse da estación agrometeorolóxica de Guísamo, pertencente a rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia e a escasos metros da parcela de ensaio.

Este é o resumo dos datos recollidos:

|                                    | <b>P (mm.)</b> | <b>T<sup>º</sup> media</b> | <b>Días de chuvia</b> |
|------------------------------------|----------------|----------------------------|-----------------------|
| marzo                              | 250,0          | 10,10                      | 27                    |
| abril                              | 84,3           | 11,21                      | 17                    |
| maio                               | 88,6           | 11,71                      | 13                    |
| xuño                               | 36,1           | 15,28                      | 10                    |
| xullo                              | 9,3            | 20,24                      | 3                     |
| agosto                             | 10,5           | 19,03                      | 2                     |
| setembro                           | 41,7           | 18,47                      | 9                     |
| outubro                            | 236,7          | 15,83                      | 19                    |
| <b>Total período marzo-outubro</b> | <b>757,2</b>   | <b>15,23</b>               | <b>100</b>            |

Se os cruzamos cos datos do anexo climático (media dos últimos anos) temos o seguinte:

|                                    | Precipitación (mm) |              |          | Temperatura (°C) |              |          |
|------------------------------------|--------------------|--------------|----------|------------------|--------------|----------|
|                                    | 2013               | media        | Dif. (%) | 2013             | media        | Dif. (%) |
| marzo                              | 250,0              | 81,0         | 208,6    | 10,10            | 10,10        | 0,0      |
| abril                              | 84,3               | 96,8         | -12,9    | 11,21            | 10,95        | 2,4      |
| maio                               | 88,6               | 84,6         | 4,7      | 11,71            | 13,30        | -12,0    |
| xuño                               | 36,1               | 41,7         | -13,4    | 15,28            | 15,96        | -4,3     |
| xullo                              | 9,3                | 29,1         | -68,0    | 20,24            | 17,97        | 12,6     |
| agosto                             | 10,5               | 31,3         | -66,4    | 19,03            | 17,80        | 6,9      |
| setembro                           | 41,7               | 68,0         | -38,6    | 18,47            | 17,14        | 7,8      |
| outubro                            | 236,7              | 120,3        | 96,7     | 15,83            | 13,96        | 13,4     |
| <b>Total período marzo-outubro</b> | <b>757,2</b>       | <b>552,7</b> |          | <b>15,23</b>     | <b>14,65</b> |          |

A primeira vista vemos que os meses de maio e xuño foron máis fríos do normal, mentres xullo, agosto e setembro bastante máis calorosos da media. En canto as precipitacións, foron moi abundantes en marzo e outubro, sendo deficitarias para os meses que van desde xuño ata setembro.

Estes datos son medias mensuais e polo tanto non reflicten completamente a realidade do ano meteorolóxico, por exemplo, os dez primeiros días de abril o frío fixo que o crecemento na viña practicamente se detivera. Para ver isto con máis detalle amósanse a continuación unhas gráficas de precipitacións e temperaturas correspondentes a este ano 2013.







